

**PAU (MAIORES DE 25 ANOS). MARZO 2021. XEOGRAFÍA. EXAMEN
RESOLTO**

1.- Defina brevemente os seguintes conceptos:

Meseta.- superficie plana de gran extensión, horizontal ou lixeiramente ondulada, elevada con respecto ao nivel do mar. Apenas presenta accidentes topográficos de importancia e os seus rebordos poden ser montañosos. En España é a unidade principal do relevo peninsular, resto do antigo macizo xurdido na oroxenia herciniana ou varisca, que foi arrasado pola erosión, e afectado e deformado polo movemento alpino que fixo xurdir os seus sistemas interiores e os rebordos montañosos.

Isóbara.- É unha isoliña que, nun mapa meteorolóxico, une os puntos que teñen a mesma presión atmosférica ao nivel do mar. O conxunto de todas elas configuran os cambios de presión. Habitualmente represéntanse os múltiplos de 4 hPa (hectopascals) ou mb (milibares) (1000, 1004, 1008, 1012,...), unidade de medida da presión.

Laurisilva.- Bosque nubrado subtropical, propio de lugares húmidos, cálidos e sen xeadas, con grandes árbores -algunhas perennifolias, de grande altura-, que en España se dá nas illas Canarias, máis concretamente nas vertentes setentrionais das illas occidentais de maior elevación, alí onde o "mar de nubes" -determinado pola afluencia dos alisios permite o seu crecemento.

Xentrificación.- Proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado e con pauperismo é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que se renova. O termo é un neoloxismo que procede do inglés "gentrification".

Crecedemento vexetativo ou natural.- Diferenza entre o número de nacementos e o de defuncións.

Ría.- Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial, relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. As Rías Altas e Baixas galegas son bo exemplo disto.

2.- No seguinte mapa represéntase a porcentaxe de poboación estranxeira en España. Responda ás seguintes cuestións:

a) Tipo de documento e principais características da distribución que se observa.

O documento é un mapa que reflicte a porcentaxe de poboación estranxeira nas provincias españolas. Trátase dun mapa de coropletas que representa datos proporcionais asociados a unidades administrativas (neste caso provincias) utilizando cores de recheo diferentes. O mapa presenta unha clasificación en catro intervalos de

clase (cada clase unha cor). Os datos foron publicados polo INE en 2019 e recollidos no Anuario CIDOB da Inmigración de 2019.

As áreas xeográficas que se poden diferenciar doadamente son, por un lado, o levante mediterráneo dende Girona ate Málaga, xunto cos dous arquipélagos, estendéndose tamén á totalidade de Cataluña, Aragón, Madrid e as provincias limítrofes coa capital polo norte e norleste e leste, que presentan unha taxa elevada de poboación estranxeira; por outro, o terzo occidental do Estado (Galicia, Asturias, occidente de Castela e León, Extremadura, provincias interiores andaluzas máis Cádiz), que teñen unha presenza significativamente menor de poboación estranxeira. E, finalmente, nunha situación intermedia quedan Cantabria, O País Vasco e Navarra, a área central non incluída nos grupos anteriores, ademais das provincias andaluzas de Huelva e Granada.

b) Causas das diferenzas na distribución da poboación estranxeira.

Como causas das diferenzas das porcentaxes pódense citar:

O crecemento económico baseado en gran medida no boom inmobiliario (“o ladrillo”); este crecemento aumentou a oferta de postos de traballo en sectores que non eran cubertos por man de obra española. O resultado foi un maior crecemento dos estranxeiros nas áreas máis turísticas de España (Mediterráneo e arquipélagos) e máis dinámicas economicamente. Os inmigrantes cubriron postos de traballo nos sectores da construción, dos servizos (hostalaría, fogar) e tamén da agricultura mediterránea (por exemplo, cultivo baixo plástico), como sería o caso de Almería, Murcia ou Lleida.

No caso de Madrid e as provincias limítrofes e Barcelona hai que ter en conta que os inmigrantes se sitúan nas dúas metrópolis españolas para logo buscar traballo. Madrid e Barcelona actuaron como centros de distribución de traballadores inmigrantes.

No litoral mediterráneo e nas illas atópase tamén unha inmigración de poboación xubilada da Europa noroccidental, debido á forte acollida que propicia o clima suave desta zona.

A menor incidencia da inmigración en Galicia e a cornixa cantábrica e o occidente do Estado explícase polo menor efecto do boom inmobiliario (non se construíron tantas casas coma no Mediterráneo), a maior atonía económica e o tipo de agricultura, cun maior peso da gandería no produto final e non tan orientada cara ó mercado exterior como a mediterránea.

c) Consecuencias das disparidades na distribución da poboación estranxeira.

Como consecuencias pódense citar aspectos:

Demográficos: a poboación española medra notablemente no último decenio do século XX e nos dos primeiros do século XXI (agás pequenos episodios de caída coincidindo co máis duro da crise económica posterior a 2008). Este incremento estivo influído pola inmigración, de xeito directo pola abondosa chegada de inmigrantes, que se asentaron nas áreas máis dinámicas economicamente, e indirecto, polo aumento da fecundidade en

boa medida asociado á xuventude desta poboación e un maior comportamento natalista da mesma.

Económicos ou laborais: a inmigración supuxo (polo perfil de idade dos inmigrantes) un aumento da poboación activa española ata case 23 millóns de persoas, con consecuencias importantes e positivas, entre outras para as pensións.

Sociais: tamén se pode mencionar cos posibles problemas de integración, a aparición de actitudes xenóforas, as mafias vinculadas á inmigración irregular e os problemas humanos desta. É moi importante o fenómeno migratorio das últimas décadas: supuxo o cambio social máis importante na España do século XXI.

3.- Desenvolva o tema: os ríos españois:

a) As cuncas hidrográficas e os tipos do réxime fluvial.

A división natural dos ríos organízase en torno ás cuncas hidrográficas. A cunca é o territorio ocupado por un gran río e os afluentes que desembocan nel. Á súa vez, estas cuncas distribúense en dous grandes vertentes fluviais: a vertente atlántica, que é a máis extensa e caudalosa; e a vertente mediterránea, de menor dimensión e na que só o río Ebro destaca polo seu tamaño e caudal. Xunto a elas, as illas dos dous arquipélagos funcionan como unidades naturais autónomas, e a entidade dos ríos que nacen e desembocan nelas é pequena.

A orixe das augas determina o réxime dos ríos. En España hai dous tipos de precipitación que dan orixe ás augas que circulan polos cauces: a chuvia e a neve. A primeira dá lugar aos réximes pluviais; a segunda, aos réximes nivais. Hai, por último, réximes mixtos onde se alterna a chuvia e a neve: son os chamados réximes nivopluviais e pluvionivais.

-Os ríos da vertente atlántica teñen un réxime pluvial oceánico, al estar alimentados por chuvias regulares, o que lles fai ter un caudal abundante durante todo o ano. Apenas notan a estiaxe do verán.

-O do interior peninsular desfrutan dun réxime pluvial de interior con caudais máis abundantes en inverno e primavera.

-Os ríos da vertente mediterránea teñen unha estiaxe moi marcado en verano, e os seus maiores caudais prodúcense en outono, coincidindo coa temporada de chuvias neste sector.

-Os ríos de montaña que nacen por riba dos 2000 metros de altitude teñen alimentación nival, e os seus caudais máximos prodúcense co desxeo, entre maio e xullo. No caso de moitos ríos e arrosos do Pireneo central o de Serra Nevada. Conforme se perde altitude, as chuvias van adquirindo un protagonismo maior no caudal.

Os grandes ríos peninsulares (Ebro, Douro, Teixo, Guadalquivir, etc.) non teñen un único réxime fluvial, senón que se forman pola suma de varios réximes. Adoitan comezar sendo ríos de réxime nival, nivopluvial ou pluvionival, e ao longo do seu percorrido convértese en ríos de réxime pluvial.

B) Vertentes e características dos seus ríos.

Os ríos españois poden ser divididos en tres vertentes, con diferentes características climáticas e orográficas.

-Ríos da vertente cantábrica. Os ríos cantábricos e galegos (Bidasoa, Deva, Pas, Besaia, Sella, Nalón, Navia, Eo, Tambre, Ulla, Miño e Sil) son curtos, pola proximidade ao mar das montañas onde nacen. Salvan fortes desniveis desde o seu nacemento ata a desembocadura, polo que teñen unha gran capacidade de erosión. Son ríos caudalosos, e o seu réxime mostra regularidade como consecuencia da abundancia de chuvias que se rexistra nesta parte de España.

-Ríos da vertente atlántica. Os grandes ríos da Meseta teñen cauces moi extensos, posto que nacen en serras relativamente próximas ao Mediterráneo, e atravesan todo o centro peninsular ata chegar á súa desembocadura no Atlántico. Teñen un réxime irregular, con estiaxe marcado en verán e un caudal máximo en inverno e primavera, coincidindo coa época do ano na que as borrascas do Atlántico atravesan as Península Ibérica con máis frecuencia.

O río Douro e o Teixo atravesan o territorio español e penetran en Portugal, para desembocar nas proximidades de Lisboa e Porto, respectivamente. O Guadiana percorre tamén un tramo en terras portuguesas, para desembocar na zona de fronteira entre os dous países, preto de Ayamonte. Estes tres ríos merecen a denominación de ríos ibéricos, e a súa explotación está regulada polos acordos internacionais que existen entre España e Portugal.

-Ríos da vertente mediterránea. Polo xeral, son ríos curtos e de escaso caudal. Unha gran parte deles non leva auga ao longo do ano, agás na estación de chuvias, que coincide co outono. Abundan as ramblas, barrancos e torrentes, que adoitan ter un comportamento torrencial, porque medran desmesuradamente en moi pouco tempo, cando se producen precipitacións abundantes.

Os ríos Segura, Xúcar, Ter e, sobre todo, o Ebro son os máis caudalosos desta vertente. En verán acusan unha estiaxe pronunciada, e mostran un caudal máximo en outono e primavera. Como consecuencia de que o litoral mediterráneo experimentou un importante auxe da agricultura de regadío e do turismo, fíxose necesaria a construción de encoros para almacenar o caudal irregular destes ríos e asegurar o abastecemento.

-Ríos insulares. Tanto os ríos canarios como os do arquipélago balear son ríos de curso irregular, curtos e con gran capacidade erosiva. Reciben a denominación de ramblas e torrentes en Baleares, e de barrancos en Canarias. Os cauces presentan pendentes moi fortes debido ao carácter montañoso do territorio. En Baleares, algúns cursos levan auga todo o ano pola súa conexión con afloramentos subterráneos; aínda que polo xeral, os ríos de ambos arquipélagos dependen directamente da intensidade das chuvias.